



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

DECRETO DA ALCALDÍA

En Muros, na data que figura na marxe, a Sra. alcaldesa do Concello de Muros D^a María Xosé Alfonso Torres, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

“OBRADOIROS CULTURAIS – CONCELLO DE MUROS 2018/19

1. Datos xerais

1.1.- Os **OBRADOIROS CULTURAIS** nos que poden preinscribirse as persoas interesadas para o curso 2018/19 son os seguintes:

OBRADOIROS CULTURAIS – CURSO 2018/19

- Esteiro: Arte floral, Traballos manuais, Encaixe e Bordado.
- Tal: Arte floral, Traballos manuais, Encaixe e Bordado.
- Abelleira: Arte floral, Traballos manuais, Encaixe e Bordado.
- Torea: Arte floral, Traballos manuais, Encaixe e Bordado.
- Serres: Arte floral, Traballos manuais, Encaixe, Bordado e Bailes de salón.
- Muros: Arte floral, Traballos manuais, Encaixe, Bordado, Costura e Teatro
- Louro: Arte floral, Traballos manuais, Encaixe, Bordado e Bailes de salón

1.2.- Se existira moita demanda para participar nalgún obradoiro que non aparece na relación, estudarase a posibilidade de que este se constituía, na localidade na que se produza a demanda.

1.3.- As idades esixidas para participar nas actividades son:

ACTIVIDADE IDADE

Teatro nados/as no ano 2011 ou anteriores

Bailes de salón e traballos manuais nados/as no ano 2006 ou anteriores

Arte floral, encaixe, bordado e costura nados/as no ano 2004 ou anteriores

2. Preinscrición (do 18 ao 28 de setembro)

2.1.- Ábrese o prazo de preinscrición do 18 ao 28 de setembro.

2.2.- Esta preinscrición formalizarase nas oficinas do Centro Cultural e Xuvenil de Muros, ou por medio da páxina web do concello.

Na preinscrición os/as interesados/as comprometeranse a asistir ás modalidades que prefiran e na localidade que indiquen, sempre que se poida constituír grupo.

2.3.- Constituiranse tan só os grupos de traballo que acaden unha preinscrición mínima de 12 persoas.

2.4.- Ás persoas preinscricións nas actividades que non poidan ser impartidas daráselles a opción de elixir outro grupo ou actividade.

2.5.- Os horarios dos obradoiros culturais definitivamente constituídos faranse públicos o 2 de outubro, data na que comezará o período de matrícula.

3. Matrícula (do 3 ao 10 de outubro)

3.1.- Para formalizar a matrícula, as persoas preinscricións deberán consultar no Centro Cultural e Xuvenil de Muros ou ben vía telefónica no 981 762294, ou por medio da páxina web do concello, a constitución dos grupos e o seu



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

horario, e despois ingresar no nº de conta que se lle indique, unha cota de 25,00 €, do día 3 ao 10 de outubro, que lle dará dereito a participar no obradoiro que elixira, durante toda a tempada.

3.2.- Se despois de formalizar a matrícula algunha persoa non puidera asistir ás clases, non terá dereito á devolución da cota nin á substitución directa por outra persoa.

3.3.- Non se poderá mudar de actividade despois de comezadas estas.

4. Prazas libres (do 16 ao 30 de outubro)

4.1.- Nos grupos que queden prazas libres poderán matricularse outras persoas do 16 ao 30 de outubro no Centro Cultural e Xuvenil de Muros.

5. Comezo das actividades

5.1.- As actividades darán comezo a partir do luns 15 de outubro.”

Muros, asinado dixitalmente na marxe.